

Víctor Bonet. Arte de acción

Toni Calderón

A arte hoxe en día está ligada, inevitablemente, ás novas tecnoloxías e ás novas formas de comunicación. Asistimos a unha progresiva adaptación da arte en todas as súas disciplinas á cultura do espectáculo. O banal, o sinxelo, o rápido está cada vez máis presente. Por parte do espectador, en liñas xerais, tampouco hai un interese en percibir formas e mensaxes complexas. Aínda así mantéñense liñas argumentais en moitas obras de arte que basean o seu contido na descrición de feitos cos que se pretende ben denunciar, ben concienciar a un espectador, a maioría das veces pouco disposto a reflexionar. Hai quen ve aínda na arte ese aspecto didáctico, mesmo moral que o sitúa nunha esfera desde a que é posible comunicar nun formato e nun momento diferente polo menos do resto de linguaxes, pero quizais isto xa non sexa suficiente.

De todos os xeitos na era da *sobreinformación* é complicado que determinados conceptos sexan percibidos baseados na súa capacidade de representación ou ben simulando situacións ou feitos dos que xa estamos saturados. É neste panorama, cando menos complexo e quizais desolador, onde se moven aínda hoxe en día determinadas maneiras de facer arte de acción ou *performance*. Nunca foi e non o é hoxe en día unha disciplina o suficientemente coñecida polo gran público e en moitos casos sepáralle unha delgada liña doutras disciplinas máis relacionadas coas artes escénicas. Á marxe destas consideracións, polo menos como espectáculo ao meu xuízo concreto e dirixido a minorías, a *performance* aínda ten cousas que contar ou, deberíamos dicir, que mostrar. Neste panorama complexo sitúanse as accións de Víctor Bonet. Artista de marcado perfil reivindicativo e social. Aínda cando o seu traballo intenta parecer espontáneo -creo que o é simplemente no formal pois aínda cre na utopía, ou quizais non- pon de manifesto e incide porque lle é necesario que hai que reflexionar sobre determinadas cuestións.

Víctor Bonet, artista fiel ao seu xeito de contar desde hai moito tempo, é narrativo e apóiase case sempre en certos elementos que a modo de escenografía axudan a comprender a súa mensaxe. O seu esforzo é unha constante que xera certa empatía con quen o contempla e os seus constantes acenos a certos elementos ou atributos configuran unha mensaxe que sempre pretende que sexa directa e nada ambigua. É coherente e non engana a ninguén. O que se ve é o que hai e deixa poucas cuestións á interpretación, nin tampouco xera discursos escuros ou

complicados. Nesta *performance* «paréntese» volve, de novo, darlle o protagonismo ao seu esforzo físico que sobre unha bicicleta xera a luz que ilumina toda a escena. O reloxo de area, atributo universal do tempo, marca a pauta e o desenvolvemento da acción; paradoxo dos tempos que corren, onde a proximidade e o mínimo esforzo é unha constante, onde todo nos vén dado, onde nada valoramos. É aquí onde reside ese concepto de volta á orixe, dunha necesaria reflexión: hoxe en día, non todo vale. Se non somos conscientes do que somos e facemos é posible que paguemos un alto prezo pola nosa rudeza.